

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E SEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Dna. Raquel Caruncho Corral.

D. José Simoes Couceiro.

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Silvia Fornos Permuy.

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire. (abandona a sesión as 14:21, cando se está a tratar o punto nº10 da Orde do Día: Rogos e Preguntas)

Non asisten:

Dna. Marta Pico Machado.

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

Secretaría:

D^a. Ana Ramos Ramos

Interventora:

Dna. Silvia Lamelas Soto.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e doce minutos do día vinte e seis de setembro de dous mil dezaseis, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria e Interventora Municipais.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose, a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- RATIFICACIÓN CAMBIO DE DATA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN.

O Sr. Presidente motiva e xustifica o cambio de data de celebración da sesión por coincidir o xoves 29 en festivo local e tendo en conta que se vai ausentar do termo municipal a partir do día 27.

Toma a palabra a Sra. Portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, Dna. Ana Veira García quen pide que conste en acta a súa intervención. A Sra. Veira di que a normativa municipal recolle que, nestes casos, a celebración da sesión trasladarase ao día anterior e considera que non é impedimento que o Sr. Fernández Piñeiro non se atope no Concello para que se poda celebrar o Pleno, xa que hai persoas no Grupo Municipal do PSOE para substituír, conforme ao establecido na Lei, ao Alcalde.

Pide que se teña a mesma deferencia para co resto de concelleiros e concelleiras e que se lles conceda o cambio de data dunha sesión cando non podan acudir.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que buscou o consenso e que, de se dar circunstancias similares, non habería problema en cambiar a data.



Intervén, como portavoz do Grupo Municipal do PP, Dna. Ascensión María de Vicente Olarte, que indica que, unha vez consultados, o seu grupo estivo de acordo coa proposta de cambio de data da sesión.

Concluídas as intervencións, sométese a votación o asunto, quedando **RATIFICADO** por **UNANIMIDADE** das Concelleiras e Concelleiros presentes o cambio de data da celebración da sesión ordinaria do mes de setembro.

2.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- **SESIÓN ORDINARIA DE 28.07.2016.**

- **SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 29.08.2016.**

- **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 16.09.2016**

Recibidas polas persoas membro do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións: ordinaria de 28.07.2016, extraordinaria de 29.08.2016 e extraordinaria e urxente de 16.09.2016.

O Sr. Presidente pregunta se algún/ha membro ten que formular observacións á acta da sesión anterior:

Toma a palabra D. José Simoes Couceiro, para indicar que nas dúas últimas actas, as das sesións celebradas o 29.08 e o 16.09, hai un erro no segundo apelido do concelleiro D. Pedro Amado, xa que aparece Permuy e non Sanmartín, como sería o correcto.

Concluídas as intervencións, sométese a acta a votación resultando adoptado **por UNANIMIDADE dos/las** membros presentes o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar os borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria de 28.07.2016, extraordinaria de 29.08.2016 e extraordinaria e urxente de 16.09.2016.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

3.- REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO “MADRUGADORES” DO CONCELLO DE PONTEDEUME. ACORDOS QUE PROCEDAN.

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA DE DITAME

Vista a Proposta da alcaldía de data 21 de xullo de 2016, en relación coa tramitación do expediente tendente á redacción do Regulamento do servizo “Madrugadores” do concello de Pontedeume.

Vista a proposta de Regulamento do servizo “Madrugadores” do concello de Pontedeume elaborado polos servizos municipais.

Visto o informe de Secretaría de data 6 de setembro de 2016 en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para proceder á aprobación do regulamento do servizo indicado,

PROPOÑO co fin de que se emita Ditame pola Comisión Informativa permanente de servizos sociais, educación, deportes, comercio, turismo e cultura e xuventude, e parques e xardíns, o seguinte:

PRIMEIRO. *Aprobación inicial do Regulamento do servizo “Madrugadores” do concello de Pontedeume elaborado polos servizos municipais que se incorpora como anexo, e se transcribe no seu literal.*

“REGULAMENTO DO SERVIZO “MADRUGADORES” DO CONCELLO DE PONTEDEUME

ARTIGO 1 - OBXECTO E FINALIDADE

Este documento ten por obxecto a regulación das condicións de funcionamento xeral e admisión no Servizo “programa Madrugadores”, que ten como finalidade a creación dun espazo de conciliación da vida persoal, familiar e laboral para as familias do alumnado do CEIP

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Couceiro Freijomil, permitíndolles así a aqueles que inician a súa xornada laboral antes de que se inicien as actividades lectivas, deixar aos seus fillos e fillas no recinto escolar co persoal profesional especializado e suficiente para facerse responsable daqueles/as ata o comezo das clases.

Este servizo vai dirixido a todo o alumnado do CEIP Couceiro Freijomil..

ARTIGO 2 - DEPENDENCIA

O Programa Madrugadores é un Servizo que depende orgánica e funcionalmente do Concello de Ponte deume o cal disporá a organización da súa prestación, conforme ao presente Regulamento e as restantes normas de aplicación, directamente ou mediante o persoal asignado ao Programa.

ARTIGO 3.- PRESTACIÓN DO SERVIZO

O Programa Madrugadores é un Servizo que se levará a cabo nas instalacións do CEIP Couceiro Freijomil, sito na Av. Do Peirao , nos lugares que a Dirección do centro destine para tal fin.

ARTIGO 4 - HORARIO

O Programa Madrugadores desenvolverase durante o curso escolar, todos os días lectivos de 7:30 a 8:30h. As e os destinatarios do servizo poderán obter a prestación durante a dita xornada do servizo completo (almorzo e actividades de animación) ou soamente o servizo de animación., en cuxo caso, devindicarase a parte proporcional do importe da prestación.

O dito horario poderase modificar en función do horario escolar lectivo e as súas posibles modificacións.. Igualmente, o Concello de Ponte deume poderá determinar un horario distinto, en función do número de solicitudes do servizo.

ARTIGO 5 - ACTIVIDADES

Estas actividades terán carácter de extraescolares e, polo tanto, non son indispensables para a consecución dos obxectivos curriculares, tan só responden a atención ao alumnado participante en aspectos relacionados coas áreas socio-culturais e lúdicas..

En ningún caso deben interferir ou desprazar as actividades extraescolares programadas no centro escolar.

ARTIGO 6 – BENEFICIARIOS/AS

Será beneficiario deste servizo o alumnado do CEIP Couceiro Freijomil, cuxos pais, nais o titores legais soliciten a súa prestación, por causa da necesidade de conciliar a vida persoal, familiar e laboral ou por outras circunstancias que xustifiquen a súa solicitude. Tipos:

Habituais: as/os que utilicen o programa con regularidade e aboen o prezo/mes polos meses de participación

Esporádicos: Os/as que utilicen este recurso ocasionalmente e aboen o prezo/día polos días de participación

ARTIGO 7 – PERSOAL

O perfil básico do persoal que realiza o servizo de Madrugadores no CEIP Couceiro Freijomil para a ampliación do horario de apertura do centro ten que estar en posesión do carné de manipulador de alimentos, o certificado por delitos de natureza sexual e valóranse especialmente outras titulacións como: monitor-a de tempo libre e ocio, . As funcións que desempeña este persoal son as seguintes:

Presenza física dende o inicio do período de ampliación da xornada escolar habitual.

Recepción, coidado, atención, vixilancia e dinamización do alumnado participante no programa madrugadores.

Provisión de almorzo (opcional), nos casos que corresponda ata as oito da mañá

Desenvolvemento das actividades extraescolares marcadas e establecidas na programación

Acompañamento das nenas e nenos ao profesorado respectivo

Control diario da asistencia das e dos participantes

Facilitar as familias toda a información que soliciten sobre os seus fillos e fillas.

Toda aquela outra que sexa precisa en relación a correcta atención as nenas e nenos e o desenvolvemento da actividade do servizo.



ARTIGO 8 - DATOS DE INTERESE

- O servizo non se prestará cando as ou os participantes se atopen enfermos e o médico de familia ou as propias familias recomenden a non asistencia ao centro.
 - No caso de enfermarse no centro avisarase para que a menor ou o menor sexa recollido pola persoa autorizada no menor tempo posible.
 - Se algunha das persoas participantes ten que tomar algunha medicación ou tratamento continuado, deberase adxuntar coa inscrición a prescrición médica na que se especificará a dose, horario e nome do medicamento: sen esta medida sinxela non se administrará ningún medicamento. Terá que vir a medicación na súa respectiva caixa e os pais, nais ou titores legais terán que asinar unha autorización.
 - Sen prexuízo do disposto no anterior apartado, os pais, nais ou titores legais deberán poñer en coñecemento do Servizo calquera outro dato ou circunstancia que resulte de interese para o coidado do menor.
 - En caso de enfermidade ou accidente sobrevido no centro, e tras as primeiras atencións no propio centro ou nas dependencias médicas, a dita circunstancia poñerase a maior brevidade posible, en coñecemento dos pais, titores ou representantes legais do menor.
- a) Na inscrición deberanse de facilitar os teléfonos de localización para os casos urxentes. Ademais, deberán facilitar a fotocopia e o número da seguridade social ou seguro médico para ser atendido/a polos servizos médicos así como a autorización dos pais, nais, ou titores legais para acudir aos servizos sanitarios coa maior rapidez posible, cando así o considere o Monitorado que presta o Servizo ante unha situación sobrevida.

ARTIGO 9 – DEREITOS DAS E DOS BENEFICIARIOS DO SERVIZO

- Que as actividades e organización do Programa Madrugadores se desenvolvan no interese daqueles.
- Tanto as nenas e os nenos como as persoas que soliciten o seu ingreso non sufrirán distinción ou discriminación por motivo de raza, sexo, idioma, relixión, orientación política, nacionalidade, posición económica, ou calquera outra condición de orixe persoal ou social, xa sexa do propio participante ou da súa familia.
- A programación ou realización das actividades terá en conta os intereses así como o nivel de desenvolvemento das e dos participantes.
- Os participantes desfrutarán dun ambiente de afecto e seguridade que favoreza o desenvolvemento pleno e harmónico da súa personalidade.
- Prohíbese expresamente calquera tipo de maltrato físico ou psíquico, así como calquera experiencia ou exigencia para súa idade e nivel de desenvolvemento.

ARTIGO 10 – DEREITOS E DEBERES DOS PAIS, NAIS OU TITORES LEGAIS

DEREITOS:

- A ser consultados en todos aqueles aspectos que poidan afectar a unha adecuada programación e prestación do Servizo
- A colaborar nos termos que se determine polo servizo, nas distintas actividades do programa
- A recibir información, orientación e formación sobre a participación dos seus fillos e fillas no Programa.

DEBERES

- O abono do prezo público correspondente de conformidade coa ordenanza reguladora.
- Comportamento cívico do pai, nai o titores legais no centro escolar respecto aos participantes, a outros proxenitores, ao monitorado, etc.
- Declarar as enfermidades e alerxias do seu fillo ou filla e facilitar os medios e información establecida no artigo 8.
- Cumprir axeitadamente coas obrigacións que faciliten a correcta prestación do Servizo en relación aos seus fillos e fillas.

ARTIGO 11 – DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL TÉCNICO

DEREITOS.

Respecto e consideración cara o desenvolvemento das súas funcións
Promover, planificar e programar actividades.
Exercer os seus dereitos laborais conforme a lexislación vixente.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DEBERES:

Traballar en equipo

Respectar as nenas e nenos en todo momento e fomentar a súa autonomía.

Interesarse en caso de ausencia ao Servizo e estar en disposición dos pais e nais ante calquera cuestión sobre a participación das persoas usuarias do servizo.

Manter o espazo ordenado e coidar o material.

Asumir en determinado momento tarefas que non son propias para contribuír ao bo desenvolvemento do Servizo .

Gardar estrita confidencialidade sobre os datos de carácter persoal dos menores aos que teñen acceso en razón a función desempeñada.

ARTIGO 12 - SOLICITUDE DE ADMISIÓN

As solicitudes, debidamente cumprimentadas serán entregadas no Rexistro Xeral do Concello de Ponte deume, conforme ao impreso que estará á disposición das persoas interesadas no Departamento de Servizos Sociais, na páxina web municipal e no propio Rexistro.

A relación de participantes será aprobada por Resolución de Alcaldía, expoñéndose ao público no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de 15 días dende que fora ditada.

A solicitude entenderase efectuada por curso completo se ben pódese solicitar baixa durante este.

ARTIGO 13 - BAIXAS

Poderá causar baixa calquera persoa participante polas causas seguintes:

- *Solicitud expresa dos pais ou titores legais.*
- *De oficio, polo concello, en caso de concorrer as seguintes causas:*
 1. *O non pagamento das cotas establecidas*
 2. *A comprobación de falsidade nos datos declarados ou na documentación aportada.*
 3. *O incumprimento reiterado das normas establecidas no presente Regulamento, especialmente no relativo as normas de convivencia, respecto e consideración do persoal Técnico das e dos participantes e das familias.*
 4. *Entorpecer, obstaculizar ou impedir a correcta realización do Servizo.*

As baixas serán resoltas polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello e notificadas aos pais, nais ou titores legais do ou da menor. Contra a dita resolución poderase interpoñer o correspondente recurso.

ARTIGO 14 – MEDIDAS DISCIPLINARIAS E CAUTELARES

Con carácter previo á resolución sancionadora, atendendo a natureza da infracción ou gravidade dos feitos cometidos, poderanse adoptar medidas cautelares tendentes a evitar que se mantéña ou reproduza a conducta infractora.

A imposición das sancións ou medidas cautelares, serán resoltas polo Sr. Alcalde do Concello de Ponte deume, a proposta do persoal técnico asinado ao programa previa audiencia dos pais, nais ou titores legais.

ARTIGO 15 – FINANCIAMENTO DO SERVIZO

O financiamento do Servizo Programa Madrugadores realizarase prioritariamente, coas cotas que aboan os/as beneficiarios/as do servizo, con recursos xerais do Concello e con posibles axudas e subvencións de outras administración susceptibles de solicitar.

ARTIGO – 15. COTAS

As cotas a aboar serán as establecidas segundo a ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo Programa Madrugadores.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No non previsto deste regulamento seguiranse as normas de réxime interno aplicable ao CEIP Couceiro Freijomil que é o centro escolar onde se vai realizar este programa.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor a partir da súa íntegra publicación no Boletín Oficial da Provincia de Coruña.”



SEGUNDO. Someter devandita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto».

En Pontedeume a 6 de setembro de 2016

O Alcalde,

D. Bernardo Fernández Piñeiro

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra a concelleira de Servizos Sociais, Educación e Deportes, Dna. Raquel Caruncho Corral quen indica que o regulamento que se somete a debate e posterior aprobación establece o réxime interno de funcionamento do servizo.

Como portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta polas persoas usuarias do servizo.

Contesta Dna. Raquel Caruncho, quen indica que comezaron 4 nenos/as e que outros 3 fixeron un uso esporádico; que se está dando unha marxe para a posta en funcionamento e que agarda que no mes de outubro se cubran as prazas.

Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela pregunta pola ratio de nenos/as por monitor/a. Dna. Raquel Caruncho indica que son 10 nenos/as por monitor/a.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte fai alusión á escasa acollida do servizo, tendo en conta a demanda existente.

Dna. Raquel Caruncho Corral xustifica este feito na coxuntura do inicio do curso, se ben se incidirá en dar a coñecer o servizo.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte anuncia o voto favorable do seu grupo, xa que se trata dunha medida de conciliación que ademais, estaba sendo reclamada dende hai tempo.

Intervén a portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, Dna. Ana Veira García quen indica que, tal e como dixeron na Comisión Informativa, trátase dunha proposta que redundará no benestar das familias. Considera que se trata dun servizo necesario e que hai que dar un tempo para a posta en funcionamento. Reafírmase na aprobación da actividade, ao tempo que se consideran copartícipes da súa posta en funcionamento.

Concluídas as intervencións, sométese o asunto a votación resultando adoptado **por UNANIMIDADE** dos membros presentes o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobación inicial do Regulamento do servizo “Madrugadores” do concello de Pontedeume elaborado polos servizos municipais que se incorpora como anexo, e se transcribe no seu literal.

“REGULAMENTO DO SERVIZO “MADRUGADORES” DO CONCELLO DE PONTEDEUME

ARTIGO 1 - OBXECTO E FINALIDADE

Este documento ten por obxecto a regulación das condicións de funcionamento xeral e admisión no Servizo “programa Madrugadores”, que ten como finalidade a creación dun espazo de conciliación da vida persoal, familiar e laboral para as familias do alumnado do CEIP Couceiro Freijomil, permitíndolles así a aqueles que inician a súa xornada laboral antes de que se inicien as actividades lectivas, deixar aos seus fillos e fillas no recinto escolar co persoal profesional especializado e suficiente para facerse responsable daqueles/as ata o comezo das clases.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Este servizo vai dirixido a todo o alumnado do CEIP Couceiro Freijomil..

ARTIGO 2 - DEPENDENCIA

O Programa Madrugadores é un Servizo que depende orgánica e funcionalmente do Concello de Ponte deume o cal disporá a organización da súa prestación, conforme ao presente Regulamento e as restantes normas de aplicación, directamente ou mediante o persoal asignado ao Programa.

ARTIGO 3.- PRESTACIÓN DO SERVIZO

O Programa Madrugadores é un Servizo que se levará a cabo nas instalacións do CEIP Couceiro Freijomil, sito na Av. Do Peirao , nos lugares que a Dirección do centro destine para tal fin.

ARTIGO 4 - HORARIO

O Programa Madrugadores desenvolverase durante o curso escolar, todos os días lectivos de 7:30 a 8:30h. As e os destinatarios do servizo poderán obter a prestación durante a dita xornada do servizo completo (almorzo e actividades de animación) ou soamente o servizo de animación., en cuxo caso, devindicarase a parte proporcional do importe da prestación.

O dito horario poderase modificar en función do horario escolar lectivo e as súas posibles modificacións.. Igualmente, o Concello de Ponte deume poderá determinar un horario distinto, en función do número de solicitudes do servizo.

ARTIGO 5 - ACTIVIDADES

Estas actividades terán carácter de extraescolares e, polo tanto, non son indispensables para a consecución dos obxectivos curriculares, tan só responden a atención ao alumnado participante en aspectos relacionados coas áreas socio-culturais e lúdicas..

En ningún caso deben interferir ou desprazar as actividades extraescolares programadas no centro escolar.

ARTIGO 6 – BENEFICIARIOS/AS

Será beneficiario deste servizo o alumnado do CEIP Couceiro Freijomil, cuxos pais, nais o titores legais soliciten a súa prestación, por causa da necesidade de conciliar a vida persoal, familiar e laboral ou por outras circunstancias que xustifiquen a súa solicitude. Tipos:

Habituais: as/os que utilicen o programa con regularidade e aboen o prezo/mes polos meses de participación

Esporádicos: Os/as que utilicen este recurso ocasionalmente e aboen o prezo/día polos días de participación

ARTIGO 7 – PERSOAL

O perfil básico do persoal que realiza o servizo de Madrugadores no CEIP Couceiro Freijomil para a ampliación do horario de apertura do centro ten que estar en posesión do carné de manipulador de alimentos, o certificado por delitos de natureza sexual e valóranse especialmente outras titulacións como: monitor-a de tempo libre e ocio, . As funcións que desempeña este persoal son as seguintes:

Presenza física dende o inicio do período de ampliación da xornada escolar habitual.

Recepción, coidado, atención, vixilancia e dinamización do alumnado participante no programa madrugadores.

Provisión de almorzo (opcional), nos casos que corresponda ata as oito da mañá

Desenvolvemento das actividades extraescolares marcadas e establecidas na programación

Acompañamento das nenas e nenos ao profesorado respectivo

Control diario da asistencia das e dos participantes

Facilitar as familias toda a información que soliciten sobre os seus fillos e fillas.

Toda aquela outra que sexa precisa en relación a correcta atención as nenas e nenos e o desenvolvemento da actividade do servizo.

ARTIGO 8 - DATOS DE INTERESE

- O servizo non se prestará cando as ou os participantes se atopen enfermos e o médico de familia ou as propias familias recomenden a non asistencia ao centro.



- No caso de enfermar no centro avisarase para que a menor ou o menor sexa recollido pola persoa autorizada no menor tempo posible.
 - Se algunha das persoas participantes ten que tomar algunha medicación ou tratamento continuado, deberase adxuntar coa inscrición a prescrición médica na que se especificará a dose, horario e nome do medicamento: sen esta medida sinxela non se administrará ningún medicamento. Terá que vir a medicación na súa respectiva caixa e os pais, nais ou titores legais terán que asinar unha autorización.
 - Sen prexuízo do disposto no anterior apartado, os pais, nais ou titores legais deberán poñer en coñecemento do Servizo calquera outro dato ou circunstancia que resulte de interese para o coidado do menor.
 - En caso de enfermidade ou accidente sobrevido no centro, e tras as primeiras atencións no propio centro ou nas dependencias médicas, a dita circunstancia poñerase a maior brevidade posible, en coñecemento dos pais, titores ou representantes legais do menor.
- b) Na inscrición deberanse de facilitar os teléfonos de localización para os casos urxentes. Ademais, deberán facilitar a fotocopia e o número da seguridade social ou seguro médico para ser atendido/a polos servizos médicos así como a autorización dos pais, nais, ou titores legais para acudir aos servizos sanitarios coa maior rapidez posible, cando así o considere o Monitorado que presta o Servizo ante unha situación sobrevida.

ARTIGO 9 – DEREITOS DAS E DOS BENEFICIARIOS DO SERVIZO

- Que as actividades e organización do Programa Madrugadores se desenvolvan no interese daqueles.
- Tanto as nenas e os nenos como as persoas que soliciten o seu ingreso non sufrirán distinción ou discriminación por motivo de raza, sexo, idioma, relixión, orientación política, nacionalidade, posición económica, ou calquera outra condición de orixe persoal ou social, xa sexa do propio participante ou da súa familia.
- A programación ou realización das actividades terá en conta os intereses así como o nivel de desenvolvemento das e dos participantes.
- Os participantes desfrutarán dun ambiente de afecto e seguridade que favoreza o desenvolvemento pleno e harmónico da súa personalidade.
- Prohíbese expresamente calquera tipo de maltrato físico ou psíquico, así como calquera experiencia ou exixencia para súa idade e nivel de desenvolvemento.

ARTIGO 10 – DEREITOS E DEBERES DOS PAIS, NAIS OU TITORES LEGAIS

DEREITOS:

- A ser consultados en todos aqueles aspectos que poidan afectar a unha adecuada programación e prestación do Servizo
- A colaborar nos termos que se determine polo servizo, nas distintas actividades do programa
- A recibir información, orientación e formación sobre a participación dos seus fillos e fillas no Programa.

DEBERES

- O abono do prezo público correspondente de conformidade coa ordenanza reguladora.
- Comportamento cívico do pai, nai o titores legais no centro escolar respecto aos participantes, a outros proxenitores, ao monitorado, etc.
- Declarar as enfermidades e alerxias do seu fillo ou filla e facilitar os medios e información establecida no artigo 8.
- Cumprir axeitadamente coas obrigacións que faciliten a correcta prestación do Servizo en relación aos seus fillos e fillas.

ARTIGO 11 – DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL TÉCNICO

DEREITOS.

Respecto e consideración cara o desenvolvemento das súas funcións
Promover, planificar e programar actividades.
Exercer os seus dereitos laborais conforme a lexislación vixente.

DEBERES:

Traballar en equipo
Respectar as nenas e nenos en todo momento e fomentar a súa autonomía.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Interesarse en caso de ausencia ao Servizo e estar en disposición dos pais e nais ante calquera cuestión sobre a participación das persoas usuarias do servizo.

Manter o espazo ordenado e coidar o material.

Asumir en determinado momento tarefas que non son propias para contribuír ao bo desenvolvemento do Servizo .

Gardar estrita confidencialidade sobre os datos de carácter persoal dos menores aos que teñen acceso en razón a función desempeñada.

ARTIGO 12 - SOLICITUDE DE ADMISIÓN

As solicitudes, debidamente cumprimentadas serán entregadas no Rexistro Xeral do Concello de Ponte deume, conforme ao impreso que estará á disposición das persoas interesadas no Departamento de Servizos Sociais, na páxina web municipal e no propio Rexistro.

A relación de participantes será aprobada por Resolución de Alcaldía, expoñéndose ao público no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de 15 días dende que fora ditada.

A solicitude entenderase efectuada por curso completo se ben pódese solicitar baixa durante este.

ARTIGO 13 - BAIXAS

Poderá causar baixa calquera persoa participante polas causas seguintes:

- Solicitude expresa dos pais ou titores legais.
- De oficio, polo concello, en caso de concorrer as seguintes causas:
 1. O non pagamento das cotas establecidas
 2. A comprobación de falsidade nos datos declarados ou na documentación aportada.
 3. O incumprimento reiterado das normas establecidas no presente Regulamento, especialmente no relativo as normas de convivencia, respecto e consideración do persoal Técnico das e dos participantes e das familias.
 4. Entorpecer, obstaculizar ou impedir a correcta realización do Servizo.

As baixas serán resoltas polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello e notificadas aos pais, nais ou titores legais do ou da menor. Contra a dita resolución poderase interpoñer o correspondente recurso.

ARTIGO 14 – MEDIDAS DISCIPLINARIAS E CAUTELARES

Con carácter previo á resolución sancionadora, atendendo a natureza da infracción ou gravidade dos feitos cometidos, poderanse adoptar medidas cautelares tendentes a evitar que se mantexa ou reproduza a conducta infractora.

A imposición das sancións ou medidas cautelares, serán resoltas polo Sr. Alcalde do Concello de Ponte deume, a proposta do persoal técnico asinado ao programa previa audiencia dos pais, nais ou titores legais.

ARTIGO 15 – FINANCIAMENTO DO SERVIZO

O financiamento do Servizo Programa Madrugadores realizarase prioritariamente, coas cotas que aboan os/as beneficiarios/as do servizo, con recursos xerais do Concello e con posibles axudas e subvencións de outras administración susceptibles de solicitar.

ARTIGO – 15. COTAS

As cotas a aboar serán as establecidas segundo a ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo Programa Madrugadores.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No non previsto deste regulamento seguiranse as normas de réxime interno aplicable ao CEIP Couceiro Freijomil que é o centro escolar onde se vai realizar este programa.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor a partir da súa íntegra publicación no Boletín Oficial da Provincia de Coruña.

SEGUNDO. Someter devandita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola



Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

4.- PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2016-2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe no seu literal:

"<DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA 22 DE SETEMBRO DE 2016

EXPDTE: 2016/G003/000681

Sesión nº: 9/2015-2019.

3.- PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2016-2017.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que a continuación se transcribe:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Despois de ver o informe de Intervención de data de 31.08.2016 relativo á avaliación do cumprimento de obxectivo de estabilidade orzamentaria, de regra de gasto e do límite de débeda con motivo da aprobación da liquidación do orzamento xeral do ano 2015, no que se constata o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite de regra de gasto para o exercicio 2015.

Tendo en conta que en aplicación do art. 21.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, na súa redacción dada polo apartado sete do artigo primeiro da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, no caso de incumprimento do obxectivo da estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a administración incumplidora formulará un plan económico-financieiro que permita o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto no ano en curso e no seguinte.

En consecuencia, e ante tal incumprimento, a aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira faise necesario a elaboración dun plan económico-financieiro que lle permita ao Concello o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto, como máximo, a 31.12.2017, é dicir, con motivo da liquidación do exercicio 2017.

Despois de ver o informe do plan económico-financieiro do Concello de Pontedeume para o período 2016/2017 suscrito por esta Alcaldía o 30.08.2016, e considerando que devandito plan é conforme ao que e determina na normativa que resulta de aplicación.

Despois de ver o informe da Interventora municipal de data 31.08.2016.

Esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción da seguinte proposta de acordo:

Primeiro. Aprobar o plan económico-financieiro do Concello de Pontedeume para o período 2016/2017 nos termos que constan no documento anexo que se considera parte integrante deste acordo.

Segundo. Dar traslado deste acordo á Interventora municipal e ao órgano competente da Comunidade Autónoma que exerce a tutela financeira (Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galicia), así como á Comisión Nacional de Administración Local.

Terceiro. Levar a cabo a publicación deste plan en aplicación das normas que resultan de aplicación para os orzamentos das entidades locais, mediante a súa exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, publicación esta que será só a efectos informativos.

Con todo, o Pleno acordará o que estime pertinente.

Pontedeume, 31 de agosto de 2016.

O ALCALDE

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Bernardo Fernández Piñeiro

*Non habendo intervencións e sometido o asunto a votación, queda **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **4 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do PSdG-PSOE: D. Pedro Amado Sanmartín, D. José Simoes Couceiro, D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dña. Marta Pico Machado, e **3 abstencións** dos concelleiros/as do PP (2): Dña. María del Carmen Piñeiro Varela e D. Andrés Pérez Pérez e do BNG-AA (1): D. Jorge Serafín Allegue Freire.>>*

A Presidencia abre a quenda para o debate, indicando que este ano, ao igual que o anterior, incúmrese a estabilidade orzamentaria e por tanto, existe a obriga da elaboración do Plan Económico Financeiro no que se establezan correccións ou contencións do gasto. Explica que se establece unha estimación de ingresos e en cando aos gastos, unha contención. Considera que este a lexislación estatal complica a vida aos concellos e que coa normativa existente, e que é necesaria a súa modificación xa que parece que son os concellos os que malgastan os recursos...

Toma a palabra a portavoz do Grupo Municipal do PP, Dña. Ascensión de Vicente Olarte quen inicia a súa intervención resaltando as medidas recollidas nos distintos informes: liquidación dos ingresos pendentes pola prestación dos servizos básicos, limitar o uso do remanente de tesourería e o obxectivo principal: reducir gastos. Indica que ao ser un plan que se esixe por lei non teñen nada que obxectar e que o voto do seu grupo vai ser a abstención por prudencia á vista de como se organiza o orzamento do ano 2017, que é o que máis vai incidir no Plan Económico Financeiro.

Intervén polo BNG-AA o concelleiro D. Jorge Serafín Allegue Freire que considera importante lembrar de onde ven a problemática: o acordo entre o PP e o PSOE para limitar orzamentariamente aos concellos e pagar a débeda da banca e das grandes fortunas, ao que suma o desaxuste que provocou ter o orzamento prorrogado durante anos. Refírese tamén á insuficiencia financeira dos concellos, como consecuencia da distribución centralizada do poder. Sobre o Plan Económico Financeiro considera que é unha fotografía do que ven de relatar. Considera que o incremento dos impostos en máis de medio millón de euros non vai ter consigo unha mellora dos servizos públicos que da o concello á cidadanía e recorre á expresión “pescada que morde a cola”. Anuncia o voto en contra do seu grupo, coa xustificación de que se van incrementar os impostos e se vai seguir cos recortes, non mellorando os servizos esenciais que dan os concellos.

Toma a palabra o Sr. Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que se contempla un incremento do valor catastral das vivendas produto da revisión imposta polo Ministerio. Indica que esta revisión é necesaria, xa que se están a aplicar valores do ano 86. Di que “o grosso” da revisión ven imposto e non ten nada que ver coa decisión do goberno municipal. Conclúe a súa intervención facendo alusión ao incremento dos ingresos que vai producir a aprobación do PXOM, xa que ten constancia de que había moita xente que quería construír.

O Sr. Allegue Freire intervén para indicar que se vai incrementar o prezo cando hai crise inmobiliaria, cando perden valor. Di que tamén vai haber un incremento no imposto de circulación...

D. Bernardo Fernández Piñeiro sinala novas altas no imposto, que non se vai incrementar.

Intervén a concelleira Dña. Ana Veria García para pedir unha aclaración ao respecto do “grosso” ao que se refería o Sr. Alcalde.



D. Bernardo indica que se refería ao incremento dos ingresos polo imposto, non ao propio imposto. Aclara que o único imposto que sube é o catastro, que o resto é previsión de aumento de ingresos. Pon o exemplo da "legalización" de Leite Celta, que vai supoñer un ingreso para o concello de máis de cen mil euros...; remítese novamente á aprobación do PXOM coma fonte do incremento de ingresos.

Intervén D. Andrés Pérez Pérez, quen considera que non se debe denominar "catastro" xa que se trata dunha revisión catastral.

Dende a Presidencia apúntase novamente á revisión dos valores do ano 86 e á regularización de construcións non declaradas. Indica que está de acordo, xa que o inxusto é que "uns paguen e outros non".

D. Jorge Serafín Allegue di que se trata dunha suba do imposto.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que a revalorización é co valor da vivenda actual, que se mantén o tipo impositivo; que se trata dunha regularización.

Concluídas as intervencións, sométese o asunto a votación resultando **ADOPTADO por 6 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín; Dña. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dña. Yolanda Vázquez Busto e Dña. Silvia Fornos Permuy; **3 abstencións** dos/as integrantes do Grupo Municipal do PP: Dña. María Carmen Piñeiro Varela, Dña. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez; e **2 votos en contra** do Grupo Municipal do BNG-AA: Dña. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o plan económico-financieiro do Concello de Pontedeume para o período 2016/2017 nos termos que constan no documento anexo que se considera parte integrante deste acordo.

SEGUNDO. Dar traslado deste acordo á Interventora municipal e ao órgano competente da Comunidade Autónoma que exerce a tutela financeira (Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galicia), así como á Comisión Nacional de Administración Local.

TERCEIRO. Levar a cabo a publicación deste plan en aplicación das normas que resultan de aplicación para os orzamentos das entidades locais, mediante a súa exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, publicación esta que será só a efectos informativos.

5- CONTA XERAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCIZO ORZAMENTARIO DE 2015. ACORDOS QUE PROCEDAN.

A Secretaría da lectura á proposta, que se transcribe a continuación:

<<DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA 22 DE SETEMBRO DE 2016

EXPDTE: 2016/G003/000681

Sesión nº: 9/2015-2019.

Dende a Presidencia proponse declarar a urxencia e incluír na orde do día o asunto seguinte:

4. CONTA XERAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCIZO ORZAMENTARIO DE 2015. .

A Secretaría da lectura á proposta que a continuación se transcribe:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

"PROPOSTA Á COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA

Visto o ditame favorable da Comisión Especial de Contas de 03.08.2016 ao expediente comprensivo da Conta Xeral desta entidade e os seus estados e anexos correspondente ao exercizo orzamentario de 2015.

Visto que o expediente foi sometido a información pública polo prazo de 15 días conforme ao establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (RDL 2/2004 de 5 de marzo) .

Visto que durante o dito prazo, máis oito días seguintes, non se presentaron reclamacións ao dito expediente.

Visto o anterior, proponse á Comisión Informativa de Asuntos Económicos e Facenda

PRIMEIRO.- Informar favorablemente, sen reparos nen observacións, a Conta Xeral de Orzamento Municipal correspondente ó exercicio económico de 2015

SEGUNDO.- Someter a aprobación do Concello Pleno a Conta Xeral e os seus estados e anexos correspondente ao exercizo orzamentario de 2015.

Ponte deume, 19 setembro de 2016

O Alcalde
D. Bernardo Fernández Piñeiro"

Non habendo intervencións e sometido o asunto a votación, queda **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **3 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do PSdG-PSOE: D. Pedro Amado Sanmartín, D. José Simoes Couceiro, D. Bernardo Fernández Piñeiro, e **3 abstencións** dos concelleiros/as do PP (2): Dna. María del Carmen Piñeiro Varela e D. Andrés Pérez Pérez e do BNG-AA (1): D. Jorge Serafín Allegue Freire.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate, indicando que ao non haber alegacións, sométese ao Pleno a aprobación definitiva.

Toma a palabra como portavoz do Grupo Municipal do PP, Dna. Ascensión M^a de Vicente Olarte, quen anuncia o voto favorable do seu Grupo ao non haber ningunha observación, alegacións nin reparo algún. Indica que se trata dun documento técnico elaborado polo persoal técnico, polo que "non entran".

Intervén Dna. Ana Veira García. A portavoz do grupo municipal do BNG-AA di que tendo en conta que se trata dun documento técnico e que confían nos técnicos, anuncia que o sentido do voto do seu grupo será a abstención, ante a dúbida de que poda aparecer "algunha cousa que descoñecen" na totalidade do documento.

Concluídas as intervencións, sométese o asunto a votación resultando **ADOPTADO por 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (6): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín; Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Silvia Fornos Permuy; e do Grupo Municipal do PP (3): Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D.



Andrés Pérez Pérez; e **2 abstencións** dos/as integrantes do Grupo Municipal do BNG-AA: Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafin Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

Aprobar a Conta Xeral e os seus estados e anexos correspondente ao exercizo orzamentario de 2015

6.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe no seu literal:

<<DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA 22 DE SETEMBRO DE 2016

EXPDTE: 2016/G003/000681

Sesión nº: 9/2015-2019.

Dende a Presidencia propónse declarar a urxencia e incluír na orde do día o asunto seguinte:

-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

*Sometida a votación, os/as membros presentes **RATIFICAN** por **UNANIMIDADE** a urxencia do asunto e a súa inclusión na Orde do Día.*

A Secretaria da lectura á proposta, que a continuación se transcribe:

